

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de febreiro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e corenta e minutos do día dezaioito de febreiro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(156).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(157).- RELACIÓN DE ALTAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DURANTE OS MESES DE DECEMBRO 2014 E XANEIRO 2015. EXPTE. 89458/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 12/02/15 da xefa do servizo de Política de Benestar conformado pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

“Por medio do presente escrito, a Xefa de servizo de Política de Benestar da conta á Xunta de Goberno Local da relación de persoas dadas de alta no Servizo de Axuda no Fogar durante os meses de decembro 2014 e xaneiro 2015 que son as seguintes:

DECEMBRO 2014

EXPEDIENTE	NOME E APELIDOS	DATA
06/3179	M. LUZ FERNANDEZ TOBAR	03/12/14
15/3571	M. ROSA PEREZ SOLANA	09/12/14
11/3201	CARMEN PAZ LONGUEIRA	09/12/14
11/2453	M. CARMEN FIEIRO BEADE	09/12/14
23/1761	ALBERTO ANTUNEZ MARTINEZ	12/12/14
15/3531	JUAN ANTONIO MACCIO GARCIA	12/12/14
22/1215	CONCEPCION PEREIRA COUSIÑO	12/12/14
25/755	MATILDE GOMEZ ESTEVEZ	12/12/14
01/2409	MERCEDES ALONSO VILA	12/12/14
06/1474	CARMEN MARTINEZ IGLESIAS	12/12/14
04/524	JOSEFA PENEDO QUINTAS	12/12/14
06/1313	FRANCISCO HIDALGO VIDAL	12/12/14
12/1784	M ^a EVA MARTINEZ ABOLLO	15/12/14
14/3247	FERNANDO VALLADARES DAVILA	15/12/14
14/154	ANAN BELEN CASTRO QUINTANS	15/12/14
05/1639	JOSE CIPRIANO MILLANS MIGUENS	18/12/14
25/2726	M. AMPARO BARREIRA CATALA	19/12/14

XANEIRO 2015

EXPEDIENTE	NOME E APELIDOS	DATA
01/166	CAROLINA FERNANDEZ BARROS	09/01/15
04/396	MARGARITA DORIO IGLESIAS	19/01/15
05/1406	ALCIRA PEREZ IGLESIAS	19/01/15
06/584	MARIA TERESA RODRIGUEZ ABALDE	20/01/15
04/1176	M. ISABEL MEIJIDE MAYAN	20/01/15
04/2852	ERMITA ALONSO PEREZ	27/01/15
04/2527	ERNIRQUE LIMA MORAÑA	27/01/15
05/3058	EMILIO FEIJOO IGLESIAS	28/01/15
02/2581	NATIVIDAD AYO AYO	28/01/15
06/1246	M. TERESA AMOEDO SANMARTIN	29/01/15

A Xunta de Goberno Local queda informada.

3(158).- AUTORIZACIÓN DE SOLICITUDE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A PROMOCIÓN DA FESTA DE INTERESE TURÍSTICO, DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS. EXPTE. 5471/104.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 17/02/15, da técnica de actividades turísticas, conformado pola xefa de Turismo e pola concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

"A festa do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas, declarada Festa de Interese Turístico de Galicia en 2004, conta cun grande arraigo popular no seu contorno. Durante cinco días celébranse distintos actos, entre os que destacan o pregón, a regata internacional de faluchos (embarcacións tradicionais de vela latina), a procesión e o Festival Poético Piro-Musical "Cidade de Vigo - Vila de Bouzas", que adoita retransmitir en directo Televisión de Galicia.

Dende o servizo de Festas, tense previsto aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a confradía do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas, para a organización do acto de apertura do festival poético piromusical de Bouzas 2015. O Concello comprométese a

conceder una subvención por importe de 8.100,00€ co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización do acto "Apertura do Festival poético-piromusical Cidade de Vigo- Vila de Bouzas"

En data 20 de xaneiro de 2015 a Axencia de Turismo de Galicia publica, no DOGA Nº12, a resolución do 18 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2015

PROPOSTA

1. Autorizar a solicitude de subvencións para o acto de apertura do "Festival poético piromusical cidade de Vigo-Vila de Bouzas 2015" que terá lugar nas datas 17.07.2015 a 21.07.2015, ao abeiro da convocatoria da Xunta de Galicia por importe de 3.500€ a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, resolución de 18 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión publicadas o 20 de xaneiro de 2015, pola Axencia de Turismo de Galicia.

2. O Concello de Vigo financiará a totalidade dos 8.100€ que importa o acto I: Apertura do Festival poético piromusical cidade de Vigo-Vila de Bouzas 2015, segundo compromiso do convenio de colaboración previsto para o ano 2015."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente acordo.

4(159).- AUTORIZACIÓN DE SOLICITUDE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA RECONQUISTA, DE INTERESE TURÍSTICO. EXPTE. 54721/104.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 17/02/15, da técnica de actividades turísticas, conformado pola xefa de Turismo e pola concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

"A festa da Reconquista, declarada Festa de Interese Turístico de Galicia en 2012, a celebración mais emblemática de Vigo. O 28 de marzo de 1809, un alzamento popular logrou expulsar aos franceses e converteu a Vigo na primeira localidade de Europa que logrou expulsar ao exército de Napoléon dunha praza conquistada. Cada 28 de marzo, Vigo celebra a festa da Reconquista. Dende o servizo de Festas, tense previsto aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a asociación de veciños do Casco Vello. O Concello comprométese a colaborar na festa co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización.

En data 20 de xaneiro de 2015 a Axencia de Turismo de Galicia publica, no DOGA Nº12, a resolución do 18 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2015

PROPOSTA

Primeiro.- Autorizar a solicitude de subvención para a organización da festa da Reconquista, que terá lugar nas datas 28 e 29 de marzo de 2015, ao abeiro da convocatoria da Xunta de Galicia por importe de 3.500€ a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, resolución de 18 de decembro de 2014 pola que se establecen as

bases reguladoras para a concesión publicadas o 20 de xaneiro de 2015, pola Axencia de Turismo de Galicia.

Segundo.- *O Concello de Vigo financiará a totalidade dos 40.000€ que importa a organización da festa da Reconquista, segundo compromiso do convenio de colaboración previsto para o ano 2015."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente acordo.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

rs.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.